

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 13

ano 2

novembro-décembro 2007

HOMENAXE A XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ NO SEU CENTENARIO (1907-2007)

Nos anos finais da súa vida, **Xaquín Lorenzo** (1907-1989) doou ao AHPOu diversos documentos, a maior parte producidos polo seu irmán Xurxo, que hoxe conforman o **fondo familiar Lorenzo Fernández**. Co gallo do centenario do nacemento de D. Xaquín, *Fronda* únese con este número á dita conmemoración.

Neste fondo os papeis xerados por Xaquín Lorenzo son poucos e de escasa relevancia, xa que a súa biblioteca e o groso do seu **fondo persoal** foi legado ao Museo do Pobo Galego. De aí que o documento elixido para este número de *Fronda*, o máis significativo do fondo Lorenzo Fernández, sexa responsabilidade do seu irmán Xurxo.


Xurxo Lorenzo (1910-1934) morreu prematuramente aos 24 anos de idade, pero deixou un legado intelectual notable para a súa xuventude, materializado en diversos traballos sobre Arqueoloxía, Etnografía, Heráldica e Diplomática. Ademais do vínculo familiar, uníao ao seu irmán un fondo sentimento galeguista e intereses culturais comúns; de tal xeito que Xurxo, segundo os seus biógrafos, seguiu vivindo tras a súa morte na alma de Xaquín. A súa **biografía intelectual** foi parella á do seu irmán e, como el, estudou o bacharelato en Ourense, cursou Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza e colaborou co Seminario de Estudos Galegos desde 1929.

Testemuño das súas inquietudes culturais é o **diario arqueolóxico** redactado no transcurso dun cruceiro polas Rías Baixas que fora organizado pola agrupación galeguista xuvenil *Ultreia*, fundada polo profesor de instituto Álvaro de las Casas en febreiro de 1932. Liderados por este, dezaioito mozos e algúns profesores partiron do porto de Muros o 1 de xullo do mesmo ano e durante quince días fixeron escala en distintas localidades das penínsulas do Barbanza, do Salnés e do Morrazo para coñecer o seu patrimonio natural e cultural.

Desde terra colaboraron con esta actividade

autoridades locais destas vilas e destacados **galeguistas** vinculados ao Seminario de Estudos Galegos como Castelao, Fraguas, Rafael Dieste, Arturo Noguerol, etc., recibíndoos nos peiraos ou pronunciando conferencias aos rapaces, con notable eco na prensa do momento.

Xurxo Lorenzo, embarcado como un “mero espectador” coa fin de “ver paisaxe”, anotou no seu diario “somentres aquelas cousas que pra min foron de novidade” sen afán científico. As anotacións van acompañadas de **18 debuxos** de pezas escultóricas, perfís do litoral, restos arqueolóxicos e petróglifos que son mostra da destreza artística que xa revelara en publicacións como a revista *Nós*. Precisamente, tras o seu pasamento en 1934, *Nós* homenaxeouno coa publicación do documento que reproducimos neste número de *Fronda*.



1932. S. I.

Notas do meu diario arqueolóxico.

Orixinal; papel; escritura humanística; galego; 210 x 150 mm; acompañan 18 debuxos de diversos tamaños. AHPOu, Familia Lorenzo Fernández, C. 9760.

Etnógrafo, arqueólogo e docente

Xaquín Lorenzo naceu en Ourense na rúa da Paz, fronte á casa natal de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, aos que sempre estivo unido como discípulo pero tamén como amigo con inque-
danzas comúns.

A vida e a obra de don Xaquín estiveron dedi-
cadas ao estudo e enriquecemento da cultura
galega a través da **arqueoloxía** e a **etnografía**,
se ben o seu principal medio de vida foi a **acti-
vidade docente**. Tras a Guerra Civil, comezou
a exercer de profesor interino de Xeografía e
Historia no Instituto de Bacharelato de Ourense
e, desde 1940, impartiu clases no **Colexio Cis-
neros**, do que acabará sendo copropietario e
director ata 1981, ano da súa xubilación.



Pía dunha igrexa de Muros. AHPOu, F. Lorenzo Fernández, C. 9760

Desde a súa mocidade militou no **galeguismo**,
vinculándose estreitamente ao **grupo Nós**, e
ingresou no Seminario de Estudos Galegos e na
Comisión Provincial de Monumentos de Ourense,
onde puido desenvolver o seu interese pola arque-
oloxía e a etnografía. Participou en diferentes
escavacións arqueolóxicas e catalogou o **patri-
monio folclórico e etnográfico**. A súa obra
máis completa neste ámbito é a monumental
Etnografía. Cultura Material, editada en 1962
como tomo II da *Historia de Galiza* dirixida por
Otero Pedrayo. A súa actividade intelectual e de
promoción de **iniciativas culturais** non cesou
ata o final da súa vida. A fundación, baixo a súa
presidencia, do Padroado do Museo do Pobo Ga-
lego (1976) e a inauguración dese museo (1977)
foi o logro do que se sentiu máis satisfeito nesta

última etapa vital.

Ligado ao AHPOu

O vencello de Xaquín Lorenzo co AHPOu veu
dado pola relación de profunda amizade que o
uniu á familia de **Xesús Ferro Couselo**, di-
rector do AHPOu de 1943 a 1969. Coñecéranse
na década de 1930, na época do Seminario de
Estudos Galegos, pero afianzaron a súa ami-
zade cando Ferro se trasladou a Ourense para
ocupar a praza de arquivista da Delegación de
Facenda. Desde a morte da súa nai, en 1936,
non terá outra familia que a de Ferro, a de **Cue-
villas** e os seus primos de Vigo. Con Ferro e
outros desenvolverá diversos estudos arque-
olóxicos, artísticos e etnográficos, moitos deles
aparecidos no *Boletín del Museo Arqueológico
Provincial de Orense*, do que tamén era direc-
tor o primeiro.

Bo e xeneroso

Foi un home sinxelo, bo e xeneroso e mostra
da súa valía e altura persoal e intelectual foron
os numerosos **recoñecementos** recibidos
tanto en vida como postumamente, entre eles
o Día das Letras Galegas de 2004.

Proba da súa xenerosidade e do seu vencello
co AHPOu son as distintas **doazóns** que rea-
lizou a este centro nas décadas de 1970 e 1980.
Trátase maioritariamente de papeis do seu ir-
mán Xurxo integrados no fondo familiar *Loren-
zo Fernández*: manuscritos de diversos artigos,
apuntamentos de Heráldica, Paleografía e
Diplomática, debuxos de brasóns publicados
en varios traballos antes da súa prematura
morte. Documentos asociados ao *diario arque-
olóxico* son unha serie de recortes de prensa
relativos ao cruceiro “Ultreya”. Tamén se gar-
dan dentro deste fondo os **debuxos de Ático
Noguerol**, aos que se dedicou o número 8 de
Fronde.

Así mesmo, entregou exemplares de **revistas**
como *Verdad y vida*, un impreso do Estatuto
de Galicia de 1936 e valiosos documentos per-
tencentes a outros fondos, como o libro de ac-
tas da *Mocidade Galeguista de Ourense*, unha
acta reservada da *Federación Universitaria
Escolar* (FUE) de Santiago de 1933 e outros
documentos do movemento estudantil com-
postelán na época da **II República**.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: M^{ra} José Losada Meléndez, Pablo Sánchez Ferro e Francisco
Sandoval Vereja. D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491